Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 17 DE XUÑO DE 2024 | LUNES, 17 DE JUNIO DE 2024 | BOP NÚMERO 116

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Bases polas que se establecen as normas para contratación de traballadores ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais (PEL-Concellos). Ano 2024, para o Concello de Santiago de Compostela

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PEL-CONCELLOS) ANO 2024, PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BASES	Contratación con carácter temporal de 3 tractoristas, e 3 peóns de obras ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais (Pel-Concellos). ano 2024, financiado pola Deputación Provincial de A Coruña
RELACIÓN XURÍDICA	Laboral Temporal
XORNADA E DURACIÓN DA RELACIÓN XURÍDICA	Cada contratación terá de duración como máximo, dende a data de formalización ate o 31 de decembro de 2024 e non será nunca superior a 6 meses e 8 días.
CARACTERÍSTICAS DA PRAZA	Denominación da praza
	Tractoristas Peón de obras e servizos
	Grupo e escala de encadramento
	Oficiais: tractoristas Peón: Peóns de Obras

PRIMEIRA. Obxecto. Réxime Xurídico e Sistema da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é regular as bases do proceso para a selección e contratación laboral temporal de seis (6) traballadores, ao abeiro do Programa de Axudas á Contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais (Pel-Concellos). ano 2024, conforme á Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases do "Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, PEL – Concellos 2024", feita pola Deputación da Coruña (BOP nº 206 de 27 de outubro de 2023).

Os postos de traballo a cubrir son os seguintes:

Nº Traballadores/as	Traballadores/as	Xornada (%)
3	TRACTORISTAS	100 %
3	PEÓNS DE OBRAS	100 %

- A modalidade do contrato é a de contrato temporal por Mellora da ocupabilidade e inserción, segundo a Disposición Adicional 9ª da Lei de Emprego (Lei 3/2023, de 28 de febreiro de 2023), que foi introducido a través da disposición final 2ª do RD-ley 32/2021 da reforma laboral.
- O carácter do contrato é temporal e terá de duración, como máximo, dende a data de formalización até o 31 de decembro de 2024 e non será nunca superior a 6 meses e 8 días, en réxime de dedicación a tempo completo.
- Retribucións brutas mensuais incluída prorrata de pagas extras: Tractorista (1.463,94 €); Peón de obras xornada completa (1.335,40 €).
- O sistema de acceso será o de **Oposición Libre**.

Número de anuncio 2024/4181

SEGUNDA. Requisitos xerais dos/as aspirantes.

1. Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

a) Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

f) Titulación: De acordo coa disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), non se require ningunha titulación académica oficial das previstas no sistema educativo.

g) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

h) De conformidade co disposto na base cuarta punto dous das bases reguladoras do "Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, PEL – Concellos 23" publicadas no BOP nº 13 de 19 de febreiro de 2023, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

2. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Santiago durante máis de vinte catro (24) meses nun período de trinta (30) meses sumada a totalidade ou parte do tempo desta contratación, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, na mesma ou diferente modalidade contractual, a efectos do previsto no artigo 15.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

3. Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Santiago.

TERCEIRA. Preselección de aspirantes.

Os interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo II** destas bases.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Número de anuncio 2024/4181

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Tribunal calificador ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase na web www.axencialocaldecolocacion.org, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, o Tribunal indicará a causa de exclusión e concedendo un prazo de 3 días (tres) hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

CUARTA. documentación que o aspirante debe acompañar á solicitude

4.1) Fotocopia do DNI, ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

4.2) Xustificante de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.

Para acreditar a situación de demandante de emprego aportarase a tarxeta de inscrición actualizada (DARDE) ou informe emitido pola Oficina de Emprego correspondente.

4.3) Fotocopia cotexada do carné de conducir B.

4.4) Declaración xurada (Anexo III)

4.5) Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións previstas na base SEGUNDA 1. h

QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo. Oposición

O proceso de selección dos candidatos/as, realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

5.1) Exercicio de carácter obrigatorio (10 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test sobre o contidos referidos ao programa que aparece no Anexo I.

5.2) Proba Práctica (10 puntos)

O exercicio consistirá na realización dunha proba práctica relacionada cas funcións a desenvolver no posto de traballo.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

Os casos de empate que se produzan dirimiranse da seguinte maneira: atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida no apartado “Proba práctica”.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», atendendo ao disposto no Resolución do 27 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, publicada no BOE número 180, de 29 de xullo do ano 2023.

SEXTA. Tribunal Cualificador.

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a.
- Secretario/a.
- Tres vogais.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/20215, de 30 de outubro, e aprobarase por Resolución de Alcaldía.

O Tribunal no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo con sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de selección

Número de anuncio 2024/4181

en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal.

1. Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.

2. As persoas seleccionadas deberán acreditar, antes da sinatura do contrato, a súa situación como desempregado, mediante certificación do Servizo Público de Emprego.

3. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocados para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.

4. Cos/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan.

OITAVA. Incompatibilidades.

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento de desenvolvemento.

NOVENA. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMA. Incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico.

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

En Santiago a 12 de xuño de 2024

Asdo. Manuel César Vila

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local

ANEXO I

PROGRAMA DE ACCESO AOS POSTOS DE TRACTORISTAS E PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS.

TEMARIO XERAL

Tema 1. O Concello de Santiago de Compostela. Poboación e territorio: parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2. O Concello de Santiago de Compostela. Organización

TEMARIO ESPECÍFICO

POSTO TRACTORISTAS:

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de tractorista Tema 2. Prevención de riscos laborais no posto de tractorista

POSTO PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS:

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de peón de obras e servizos

Tema 2. Prevención de riscos laborais no posto de peón de obras e servizos

Número de anuncio 2024/4181

ANEXO II MODELO DE INSTANCIA

Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Enderezo:			
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	
Teléfono:	Enderezo electrónico:		

EXPOÑO:

1.Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a contratación de :

	3 oficiais tractorista
	3 peóns obras e servizos

mediante contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, convocado polo Concello de Santiago de Compostela, a través do BOP da Coruña de data .....

2. Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego a seguinte documentación,

	Fotocopia do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
	Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exerce-la función propia a desenvolver. (Anexo III)
	Carné de conducir tipo B
	Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego
	Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións seguintes: · Mulleres · Maiores de 45 anos · Persoas desempregadas de longa duración (minimo 1 ano inscrita como demandante de emprego) · Persoas con discapacidade, grao igual ou superior ao 33% · Persoas en situación de drogodependencia · Persoas con fogar onde ninguén teña emprego · Persoas con fogar monoparental · Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestión socioculturais · Persoas sen fogar · Persoas vítimas violencia de xénero

4. Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal,

Polo exposto, SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Número de anuncio 2024/4181

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

D. ..... con DNI nº .....

teléfono ....., correo electrónico .....

e domicilio a efectos de notificación en .....

.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO

- Que non padezo enfermidade nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que pretendo optar mediante esta solicitude.
- Que non presento causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.
- Que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin me atopo inhabilitado/a para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Santiago de Compostela a, ... de ..... de 2024

Asinado

2024/4181

Número de anuncio 2024/4181